

Bs Aires Abril 25 / 1958



Consello de Galicia

Sr. Dn. César Alrujín

Rue d'Anas 78-

Paris XI

Querido Alrujín:

Recibimos a tua moi interesante carta. Estamos todos felices polo restablecemento da tua saúde e asimesmo polo xeito como levas os teus traballos. Estamos seguros que todo sairá ben. Estamos traballando para acudirche en todos os sentidos.

O motivo de che escribír apremuradamente así, e que don Jesús Canabal anda xa por Europa. A tua sucesencia de facelo portador de mensaxes aos gobernos republicanos, catalán e vasco, pareceunos excelente e inmediatamente rediñemos os textos que che acuntamos. Estamos felices de que ti o coñeças e seacas que amigo. Canabal é unha figura extraordinaria da nosa causa. Republicano vertical de sempre e aferrado galeguista. Generoso de mans abertas, e ademais - dentro da súa admirábel senciñez - un gran señor, un cabaleiro Cabal. Proveso para nos, facelo portador dos nosos mensaxes ven a ser mel sobre azucre. Entreos dous faredes moi ben a curso.

Ante turemos unha reunión concunta, vasco, galego e catalán, convocada polo delegado do goberno vasco. Trátase de organizar eiqñ un gran acto público de concunto para examinar a situación na Península desde o noso punto de vista e para facer unha afirmación rotunda e definitiva. Esta: A España Centralista - Castellana, fracasou co mo Estado, como comunidade de pobos. Como comunidade jurídica. Ensaiaou todas as

modalidades de monarquía - cesarista, absolutista e semidemocrática - todos os xeitos de ditaduras civís e militares. ^{e tamén dúas repúblicas} Causas: Un estado artificial superposto enriba dos pobos ibéricos e as súas ricas variedades. Un Estado de arriba para abaixo do centro para periferia. Hai que declarar caduco todo eso e darlle volta a todo. Non se debe volver a ensaiar cousas xa fracasadas. Todo canto se faga pro futuro ha de ser sobre a base da plenitude das veellas nacionalidades, voluntariamente acuntadas por virtude da súa autodeterminación.

A data que sinala este fracaso total, co aserinato da derradeira posibilidade, é o 18 de Xulio de 1936. O acto pois será eiqñ o 18 de Xulio. Os discursos, 3 en total, un vasco, un catalán e un galego, discursarán dentro das pispas das ideas. Xa se empezou a traballar na organización. Carteles, volantes, indios, prensa e demais para que resulte "imperialmente". O traballo de aportar a maior

parte da parte cono por conto dos galegos. ó que che parece. Publicaríase un manifiesto-resúmen a ceita de conclusións que será "universalmente" difundido.

Falamos cos cataláns encol do "caso" Lauret en forma amabel. Quedaron de escribille. O delegado vasco díxenos que o Presidente Aguirre regarda a túa visita. O antes que nos sexa posíbel faremos o "depósito de fondos" de que falas que, coidamos coma tú, que é indispensábel. E máis que se vai o correo. Cando recibamos as noticias que nos prometes seremos máis eixtensos

Apertus de todos e moi especiais do teu

Ramón Suárez Lualaba

Estimado Sr. Alvarado: Eu que fago algo así como de mandeiro do Concello de Galiza, vexo que o gran Picallo esquecese de decirlle que xá lle escribiu a D. Jesús Canabal a Almería notificandolle o acordo e recomendandolle a vexa con Vde; en donde atopará as credenciais. Unha forte aperta
Suárez
Abril